



CONCELLO DE  
OLEIROS

## > SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

[s.sociais@oleiros.org](mailto:s.sociais@oleiros.org)  
[s.administracion@oleiros.org](mailto:s.administracion@oleiros.org)

### DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

<b>Nome e apelidos:</b>	
<b>DNI/NIE/Pasaporte:</b>	<b>Teléfono:</b>
<b>Enderezo:</b>	<b>Código Postal:</b>
<b>Correo electrónico:</b>	

### DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no seu caso)

<b>Nome e apelidos:</b>
<b>DNI/NIE/Pasaporte:</b>
<b>Correo electrónico:</b>

### SOLICITA

<b>TARXETA DE ESTACIONAMENTO</b> para persoas con discapacidade e mobilidade reducida / discapacidade visual
--

*De acordo co disposto na lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados por esta Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude e que os mesmos serán conservados durante o prazo estritamente necesario para cumprir coa finalidade mencionada anteriormente. Estes datos serán tratados de xeito confidencial, lícito, leal, transparente, adecuado, pertinente, limitado, exacto e actualizado, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei para a tramitación da prestación solicitada. Mentres non nos comunique o contrario, entenderemos que os seus datos non se modificaron, que vostede se compromete a notificarnos calquera variación nos mesmos e que temos o seu consentimento para utilizalos para as finalidades mencionadas. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, portabilidade, supresión e limitación do tratamento dos seus datos de carácter persoal, usando o procedemento de exercicio de dereitos de sede electrónica.*

### SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

### DOCUMENTACIÓN QUE DEBE APORTAR CON ESTA SOLICITUDE

- ✓ **DNI/NIE/PASAPORTE**
- ✓ **Certificado de discapacidade** expedido polo Servizo de Valoración da Xunta de Galicia onde conste que ten recoñecido o baremo de mobilidade ou que cumpre cos requisitos para a obtención desta tarxeta por discapacidade visual.
- ✓ **1 foto** tamaño carné.



CONCELLO DE  
OLEIROS

> **SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE**  
**TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE**

[s.sociais@oleiros.org](mailto:s.sociais@oleiros.org)  
[s.administracion@oleiros.org](mailto:s.administracion@oleiros.org)

**LUGARES DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN:**

- REXISTRO XERAL DO CONCELLO: Praza de Galicia 1 – 15173 OLEIROS  
Horario de 8:30 – 14:00h.
- CASA ECHEVERRY: Avenida Ernesto Che Guevara 45 - 15172 PERILLO  
Horario de 9:00 – 14:00h.

**OBRIGAS DAS PERSOAS TITULARES DA TARXETA**

- a. Á correcta utilización da mesma, conforme ás condicións de uso previstas na Ordenanza das condicións básicas de emisión e uso das tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade e mobilidade reducida (BOP núm. 163 do 29 de agosto de 2022) Está previsto un réxime de sancións para os incumprimentos que van dende as sancións económicas á retirada da tarxeta.
- b. Colocar a tarxeta de estacionamento no cadro de mandos do vehículo ou pegada ao parabrisas dianteiro polo interior, **sempre co documento orixinal**, de forma que resulte claramente visible e lexible desde o exterior. Non se poden sacar nin utilizar fotocopias do documento.
- c. Colaborar e identificarse cando así o requira a autoridade.
- d. Proceder á renovación da tarxeta de estacionamento previamente á data de finalización da súa validez.
- e. Comunicar, no prazo de 30 días, calquera variación dos requisitos esixidos para a concesión da tarxeta.
- f. Devolver a tarxeta caducada no momento da renovación, no caso de falecemento da persoa beneficiaria ou ao rematar a súa vixencia.

**DEREITOS DAS PERSOAS TITULARES DA TARXETA**

- a. Estacionamento nos lugares habilitados para as persoas con discapacidade
- b. Parada en calquera lugar da vía, por motivos xustificados e polo tempo indispensable, sempre que non ocasionen prexuízos as/aos peóns ou ao tráfico e de acordo coas instrucións da autoridade.
- c. Acceso a vías, áreas ou espazos urbanos con circulación restrinxida a residentes, sempre que o destino se encontre no interior de dita zona.